



Custodia fluvial nas bacias
Ulla Umia Lérez

Creación dunha rede de custodia
fluvial nas bacias do Ulla Umia e Lérez



"Os recursos de auga doce son un componente esencial da hidroloxía da Terra e parte indispensable de todas as ecossistemas terrestres (...). A auga prescinde en todas as etapas da vida. O obxectivo social é velar porque se mantéña un subministro suficiente de auga de boa calidade para toda a poboación do planeta e preservar ao mesmo tempo as funcións hidrolóxicas, biolóxicas e químicas dos ecossistemas, adaptando as actividades humanas aos límites da capacidade da natureza e combatendo os efectos de interferencias vinculadas coa auga".

(Programa 21, Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, Río de Janeiro 1992)



Custodia fluvial nas bacias Ulla Umia Lérez

1. Onde nace o proxecto.....	4
2. Os GDR e a custodia fluvial.....	6
O GDR 20.....	6
A custodia do territorio.....	8
A custodia fluvial.....	10
Obxectivos do proxecto.....	11
3. Fases do proceso.....	12
4. Iniciativas.....	19
Ulla.....	20
Umia.....	32
Lérez.....	38
5. Conclusións.....	44



Onde nace o proxecto

A estreita relación que as galegas e os galegos tiñán co seu entorno foi mudando nos últimos tempos. A idea de progreso e da ficticia necesidade dun nivel de vida elevado afastounos das nosas raíces e da nosa terra. Nesta transición explotamos os recursos de xeito totalmente insostible e os ríos, xunto outros moitos ecosistemas, foron uns dos grandes prexudicados.

Moitas veces a solución foi o entubado das masas de auga, sobre todo nos grandes núcleos urbanos e o esquecemento total do que un día foi a sangue da terra, da terra dos mil ríos. Encoros, contaminación ou destrución de bosques de ribeira foron tamén consecuencia dunha época na que os ríos xa no eran precisos para moitas das tarefas do pasado (lavar, pescar, moer...).

Porén, os ríos seguiron o seu curso e a auga o seu ciclo. Moitos deles sobreviviron nas áreas máis afastadas, mantendo unha boa saúde pero esquecidos polos mulleres e homes que antigamente aproveitaban a auga e a súa forza mediante unha forma de vida sostible. Lavadoiros, muíños, presas, pontes e pontellas pasaron a formar parte dun patrimonio esquecido e moitas veces abandonado.

Recollemos aquí a experiencia que no GDR 20 se desenvolveu entre os anos 2011 e 2013 baixo o nome de "Creación dunha rede de custodia fluvial nas bacías do Ulla, Umia e Lárez" que naceu coa intención de recuperar a importancia que os ríos tiñán para nós e de traer aos nosos días unha nova maneira de gozalos e aproveitalos.

Que é ADEGA ?

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) leva dende 1976 preocupándose pola nosa terra e cultura, así como promovendo diferentes iniciativas de participación cidadá ligadas aos cursos fluviais: educación e voluntariado ambiental, custodia do territorio, proxectos de eliminación de flora exótica invasora, recuperación de regos e pozas de rega, e outras. Programas que non contemplan unicamente os ríos desde un punto de vista natural, se non que o seu enfoque abrangue tamén unha perspectiva cultural, nunha tentativa de destacar a importancia da integración dos sistemas fluviais nos ecosistemas humanos.



Custodia fluvial nas bacías
Ulla Umia Lárez



Galiza foi e segue a ser un territorio significativamente rural, xa que o 35% da súa poboación vive en municipios con menos de 150 habitantes por km², unha tipoloxía de municipio que ocupa case o 90% do territorio. É por iso que se crearon os Grupos de desenvolvemento rural (GDR), agrupacións de concellos e doutras entidades que suman no país un total de 31.

Os Grupos de desenvolvemento rural elaboran estratexias de desenvolvemento comarcal, onde se inclúen as posibilidades, oportunidades e necesidades do seu territorio desde un punto de vista produtivo, económico, dotacional ou social. O GDR Ulla Umia Lérez (o número 20) é unha asociación formada por concellos, comunidades de montes, asociacións culturais e veciñais, cooperativas, sindicatos e outras entidades e que xestiona o fondo de desenvolvemento rural LEADER 2007-2013. Este GDR conformano os seguintes concellos:

A Estrada, Forcarei, Cerdedo, Cuntis, Moraña, Caldas de Reis, Portas, Valga, Catoira e Pontecesuras.



As asociacións que o integran agrúpanse en mesas sectoriais que traballan os intereses de cada sector: Agrogandeira, Forestal-Madeiraira, Muller e igualdade, Mocidade, Veciñal, Turismo-Hostalería, Empresarial-Comercial-Artésá, Social-Cultural-Deportiva-Educativa, Medio ambiente-Sustentabilidade-Caza-Pesca e Institucional.

O GDR-20 está delimitado por dous dos grandes ríos galegos o Ulla e o Lérez e é atravesado por outro curso fluvial importante: o Umia. É por iso que a importancia dos ríos neste caso é maior e salientable ao configurar e dar carácter a esta comarca.

GDR-20 Comarcas de Caldas e Tabeirós-Terra de Montes

O GDR 20 está formado por dúas Comarcas, a de Caldas e a de Tabeirós-Terra de Montes.

A comarca de Caldas é percorrida polos ríos Ulla e Umia. Entre os diferentes lugares de valor ecolóxico destaca o esteiro incluído no espazo natural denominado "Sistema fluvial Ulla-Deza", Lugar de Importancia Comunitaria na proposta de Rede Natura 2000. Tamén existen na comarca lugares dunha gran beleza paisaxística, con muíños restaurados nas rutas de senderismo dos ríos Catoira, do rego de San Cibrán e do paseo fluvial. Outros valores destacables da comarca son a vila termal de Cuntis, a Fervenza do río Cornide en Moraña ou os diferentes bosques de ribeira en tódolos concellos da comarca.

A comarca das Terras de Tabeirós é unha terra de contrastes entre os fértiles vales e as máis agrestes pero non menos fermosas Terras de Montes. No límite entre A Estrada e Forcarei atópanse as Brañas de Xestoso, declaradas dentro da Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). É importante resaltar os contornos do val do río Liñares, a súa desembocadura no río Ulla e o seu curso augas arriba. Atrávesanos varias pontes: a de Pontevea o Ulla e as de Lagartóns e Paradela o Liñares. Estes ríos, noutro tempo aproveitados por numerosos muíños, son ademais moi frecuentados pola súa riqueza piscícola en trotas e salmón.



A custodia do territorio

Cando falamos de custodia do territorio estamos a falar de conservación, tanto do patrimonio natural e cultural coma paisaxístico. A principal característica da custodia do territorio é a implicación da sociedade civil na conservación do medio natural, xa que esta é desenvolvida polos propietarios e propietarias de terras e por entidades de custodia locais (asociacións, concellos, etc). O feito de que a poboación implantada nas áreas a custodiar sexa a protagonista da propia acción serve de pulo para a activación social e posibilita a implicación e identificación co proxecto, así coma o empoderamento das persoas e entidades participantes.

As entidades de custodia do territorio e os propietarios e propietarias de terreos, establecen compromisos entre as dúas partes dirixidos a manter ou recuperar o medio natural e a paisaxe das fincas obxecto destes pactos. O entendemento entre as dúas partes non sempre é fácil e nalgún caso alcauzalo precisa dun longo proceso de diálogo e negociación.

Estes pactos, denominados acordos de custodia do territorio, adoitan fixarse por escrito nun contrato e implican un compromiso de colaboración continua entre a entidade e o propietario que beneficia as dúas partes.

En Galicia, a custodia do territorio comeza a ter repercusión. ADEGA ten apostado ao longo destes últimos anos na posta en marcha de diferentes iniciativas de custodia do territorio, e colaborado noutras moitas. Estas iniciativas de custodia do territorio pódense enmarcar nas súas diferentes tipoloxías: Custodia agraria, forestal, agrogandeira, mariña ou fluvial, entre outras.

É importante salientar que a custodia do territorio permite velar pola conservación dun territorio ou lugar tanto se este posúe unha figura de protección designada pola administración como se carece dela.

A cesión de parcelas en custodia do territorio é unha nova e crecente estratexia de conservación, que fomenta a participación, pon en contacto a diferentes actores e faíños partícipes dun proxecto común: a conservación da nosa paisaxe e do noso patrimonio natural e cultural. Alén diso, pretende poñer en valor o medio como espazo fundamental para un desenvolvemento endóxeno e sustentábel.



A xestión planificada do territorio é o instrumento que permite vixiar as ameazas que poidan afectarlle ás áreas custodiadas e que lle presta atención ao mantemento dos valores naturais, culturais e patrimoniais intrínsecos. O proxecto permite, tamén, a creación de redes, tomando como modelo a que conforman os ríos na paisaxe galega para asentar nas comarcas de Caldas e Taboás-Terras de Montes un entramado social en torno aos ríos que asegure o coitado da contorna e o desenvolvemento rural endóxeno.

A finalidade principal deste proxecto é dar a coñecer o papel fundamental dos ríos, as problemáticas ambientais asociadas a eles e fomentar prácticas e comportamentos que lles permitan aos cidadáns o mantemento e mellora dos cursos fluviais mediante accións que faciliten a súa participación coma a Custodia do Territorio.

A custodia Fluvial

A custodia fluvial é unha tipoloxía de custodia do territorio centrada na conservación dos ríos, das súas ribeiras e do patrimonio natural, etnográfico e cultural vinculado a eles. O ámbito fluvial e as zonas húmidas son os espazos onde máis arraigada está a custodia do territorio debido á proximidade á degradación ao longo da historia nestes lugares, polo que conta cunha especial implicación da poboación en canto á súa conservación.



Ao entrar en xogo diferentes actores como confederacións hidrográficas, empresas concesionarias, propietarios particulares e outros, abordar con éxito un proxecto de custodia pode ser algo máis complicado que no medio terrestre, xa que os esforzos que a entidade de custodia ten que invertir, sobre todo en negociación, poden ser moi importantes, ademais do custo económico que pode implicar.

Obxectivos da iniciativa de custodia fluvial Ulla, Úmia e Lérez

O obxectivo principal da iniciativa é que as asociacións e entidades participantes desenvolvan proxectos de custodia fluvial que poñan en valor os recursos ambientais, etnográficos e paisaxísticos dos tres grandes ríos (Ulla, Úmia e Lérez) e os seus afluentes; accións propostas polas propias entidades, coñecedoras dos seus ríos, dos seus problemas e das súas necesidades.

Algúns obxectivos específicos, entre outros, son:

- > Contribuír ao coñecemento das principais problemáticas ambientais locais e globais ligadas aos cursos fluviais.
- > Crear unha rede de cidadáns que trabalen de xeito coordinado e conxunto na mellora dos ríos Úmia, Ulla e Lérez mediante a ferramenta da custodia do territorio.
- > Establecer proxectos piloto de participación cidadá nos ríos.



Fases do proxecto

A iniciativa comezou no ano 2011 cun programa de educación e voluntariado ambiental baseado na inspección de ríos. Numerosas asociacións participaron nas distintas actividades que se desenvolveron ao redor dos cursos fluviais destas tres bacías pertencentes a concellos do GDR-20 (A Estrada, Caldas de Reis, Catoira, Cerdedo, Cuntis, Forcarei, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga). O proxecto desenvolveuse en catro fases.

Primeira fase	Deseño do material
Segunda fase	Creación das redes de custodia fluvial
Terceira fase	Desenvolvemento das accións de custodia
Cuarta fase	Divulgación dos valores naturais das tres bacías e dos proxectos.

Primeira fase

Deseñouse a metodoloxía a empregar na diagnose dos ríos. Esta inclúe un protocolo para a inspección dun treito de río seguindo as recomendacións da directiva Marco da auga, empregando o método científico pero dunha maneira sinxela para que calquera persoa sexa quen de analizar a calidade hidromorfolóxica, físico-química e biolóxica dos treitos de río.

Nesta fase do proxecto tamén se deseñaron e editaron os materiais de inspección que máis tarde se lle entregarían a cada grupo voluntario.



Segunda fase

Para a promoción do proxecto e o achegamento ás asociacións realizáronse xornadas en cada concello. Nas xuntanzas amosáronse a metodoloxía a empregar e as posibilidades que ofrece a custodia do territorio. Formouse a continuación a rede de entidades de custodia fluvial en todo o territorio do GDR: asociacións culturais e de veciños e comunidades de montes, foron algunhas das organizacións que se sumaron a estas primeiras accións do proxecto.

Organización e realización das saídas de inspección ao río

Para levar adiante proxectos de custodia fluvial, o máis importante é coñecer os ecosistemas fluviais, por iso nesta parte do proxecto o prioritario foi achegar as persoas aos ríos.

Fixéronse numerosas saídas ao río que teñan como obxectivo aplicar a metodoloxía de inspección no campo. Unha vez constituídos os grupos de voluntarias e voluntarios programáronse saídas e realizáronse inspeccións de xeito divulgativo, para o que ADEGA proporcionou os recursos humanos e materiais necesarios. Empregouse o material preciso para realizar unha inspección (termómetro, reactivos químicos, cinta métrica, bandexas, truíños, pinzas...) e amosouse o método de inspección de maneira sinxela. Antes de comezar cada saída realizáronse explicacións sobre o motivo da actividade, incidindo no valor dos ríos, nas súas ameazas e na necesidade que temos deles.



Organización e realización das limpezas de ríos

As limpezas de río organizadas por ADEGA seguen un protocolo. Antes, durante e despois da limpeza, empóñense sempre unhas breves consideracións, empregando sempre criterios ecolóxicos para desvolvedelas. A época do ano na que se organizan xa é de por si unha cuestión importante, xa que se busca o momento no que se ocasiona un menor impacto no ecosistema fluvial evitando que coincida co período de cría das principais especies dos ríos.

A limpeza de ríos é unha actividade de voluntariado ambiental consistente na retirada de materia inerte que poida estar presente tanto no leito do río coma na súa ribeira. Como unha actividade máis de achegamento aos ríos, as entidades participantes uníronse a esta iniciativa durante os anos do proxecto e posteriormente para realizar limpezas, mobilizándose simultaneamente máis de 100 persoas nas comarcas onde se levou adiante a actuación e facendo deste día unha xornada de voluntariado ambiental e concienciación cidadá a favor da conservación dos ecosistemas fluviais.



Encontro de Voluntariado en Ríos

Co motivo de achegar ás persoas participantes no proxecto celébrase tamén un Encontro de voluntariado no concello de Valga. Esta xornada celébrase dándolle a oportunidade aos grupos para que presentasen as súas experiencias, tanto relacionadas coas inspeccións como con outros temas que teñen que ver cos ríos, coma a custodia fluvial. En definitiva, unha xornada na que os protagonistas foron as case cen persoas voluntarias que se reuniron neste encontro.



Tercera fase

A terceira fase do proxecto baséase na execución das iniciativas de custodia fluvial, dándolle continuidade á segunda fase do proxecto, na que os voluntarios e voluntarias realizaron a diagnose das bacías do Ulla, Umia e Lérez, onde se estableceu o plan de acción para actividades de mellora fluvial.

Para comezar esta fase, unha vez que cada entidade coñeceu o seu río e os seus problemas, necesidades e potenciais, pasamos á fase de custodia. Realizouse unha xornada de traballo na Estrada onde se convidou ás diferentes entidades socias do proxecto e cada agrupación presentou as súas ideas. A partir de aí, o equipo de ADEGA seleccionou e coordinou as mellores iniciativas para levalas adiante.



Seleccionado un proxecto por Bacía:

Bacía	Nome do proxecto	Asociacións	Actividades	Río	Concello
Bacía do Ulla	Muíños e camiños na bacía do Ulla	Asociación para a defensa do Val do Liñares	Eliminación de especies exóticas invasoras	Liñares	A Estrada
		Asociación cultural A Xesteira	Recuperación dun roteiro	Vea	
		Asociación cultural Rego de Godoi	Recuperación dun roteiro	Godoi	
Bacía do Umia	Arredor da Auga	Asociación cultural o Fervedeiro	Recuperación de lavadros e pasos	Gallo	Cuntis
			Roteiro polo río		
Bacía do Lérez	Pesca sostible na bacía do Lérez	Sociedade de caza e pesca de Forcarei	Establecemento dun tramo de pesca sen morte	Lérez	Forcarei
		CMVMC de Presqueiras	Recuperación de levadas de muíños	Castro	



Durante a realización das actuacións en cada unha das bacías ADEGA, xunto con cada entidade, encargouse da divulgación e promoción dos proxectos.

Mediante este manual pretendemos facer chegar á cidadanía galega un pequeno resumo do gran traballo desenvolvido e un exemplo de actuacións de custodia no ámbito fluvial.



Os ríos, espazos públicos e protexidos

Debido a que a maioría das actuacións se desenvolven en dominio público hidráulico, algunhas delas tamén en espazos protexidos pola Rede Natura 2000, foi preciso elaborar un convenio de colaboración entre Augas de Galicia, o Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia e ADEGA, onde se especifica cada unha das actuacións seguindo unhas pautas de xestión e conservación dos ecosistemas fluviais.

O convenio foi dos primeiros elaborados a nivel estatal onde dúas administracións e unha entidade como ADEGA chegaron a un acordo a tres bandas para realizar diferentes actividades nun dominio público hidráulico baixo as especificacións de custodia fluvial.

Non foi doado, e detrás do dito convenio están moitas horas de reunións e traballo, pero finalmente a administración atopou o proxecto de interese e optou por permitir as actuacións previstas. Cada unha das actuacións descríbese no convenio para realizala con criterios ecolóxicos e sempre respectando o ecosistema fluvial. Antes de cada unha de elas infórmase ás administracións.



Na bacía do río Ulla seleccionáronse tres proxectos por presentar características semellantes, os tres co obxectivo de poñer en valor rutas fluviais onde se destaca o valor natural destes lugares e desenvoltos en tres ríos desta conca por cadansúa entidade de carácter social. En dous deles búscase, ademais, destacar o valor patrimonial e etnográfico dos muíños da zona.

O proxecto denomínase:

Muíños e camiños na bacía do Ulla

Subproxectos

- Rotetiro no río Vea (Asociación A Xesteira)

Muíños e camiños na bacía do Ulla
Rotetiro polo río Vea



A Asociación Cultural a Xesteira é unha entidade sen ánimo de lucro que nace en 1996 por iniciativa dun grupo de mozos e mozas da parroquia de Couso (concello da Estrada).

Entre os fins principais da asociación está a dinamización da vida no ámbito da xuventude, tomando como elementos centrais:

- A creación dun espazo para que os mozos e mozas desenvolvan as súas ideas
- A promoción da cultura tradicional
- O coñecemento e defensa do medio ambiente
- A animación sociocultural en xeral

A entidade presentou un proxecto de custodia fluvial nas marxes do río Vea (nos lugares de Fontenlo, Vilacriste e Barco, nas parroquias de Couso e Cora). O seu obxectivo foi a posta en valor dunha pequena ruta pola ribeira deste río, recuperando un antigo camiño empregado pola veciñanza onde atopamos sete muíños en distinto estado de conservación. A zona de actuación ten uns valores ecolóxicos importantes xa que forma parte do LIC ESI140001 Sistema Fluvial Ulla Deza.

O traballo previo centrouse en conversas cos vecinos e veciñas da zona, propietarios dos muíños, para informalos dos traballos a desenvolver pola asociación.



1. Limpeza de vertedoiros incontrolados

Realizouse unha xornada de limpeza de entullos no río Vea. Esta limpeza organizouna ADEGA en colaboración coa Asociación Cultural a Xesteira de Couso e durante o seu transcurso retiráronse entullos de dúas localizacións próximas á canle do río. En total retiráronse aproximadamente 400 kg de residuos.

2. Recuperación do antigo camiño

Realizáronse labores de retirada da vexetación ao longo do camiño para permitir o paso e colocar a sinalización

3. Colocación de sinalización e paneis interpretativos

Colocáronse dous paneis informativos, unha mesa interpretativa e balizas sinalizando o sendeiro. Os textos dos paneis foron escritos pola asociación salientando os valores da zona e dos muíños.




CREACIÓN D'UNHA REDE DE CUSTODIA FLUVIAL NAS BACÍAS DO ULLA UMIA E LÉREZ

Bacía	Ulla	
Nome da experiencia da bacía	Muíños e camiños na bacía do Ulla	
Subproyecto	Roteiro polo río Vea	
Entidade promotora	Asociación cultural a Xesteira	Ámbito: local
Localización da finca	Comarca	Taboás Terra de Montes
	Concello	A Estrada
	Lugar	Couso
Bacía	Ulla	
Nome do río	Vea	
Características do acordo	Tipo de acordo*	Acordo verbal cos propietarios e propietarias dos muíños. Acordo con Augas de Galicia e Conservación da Natureza
	Tipo de propietario	público x privado x Muíños privados e Dominio Público Hidráulico
	Loritude do roteiro	1 km aprox
	Ano de sinatura	
	Duración do acordo	
Tipo de proxecto	Custodia Fluvial	
Valores a conservar	Antigo roteiro e muíños da zona	
Obxectivos	Recuperación dun roteiro e posta en valor dos muíños Mobilización da entidade local	
Breve descrición do proxecto e actividades	Limpeza de ríos Limpeza do roteiro Colocación da sinalización	
Logros acadados	Utilización dun roteiro en desuso. Posta en valor dun roteiro e un río pertencente ao LIC sistema fluvial Ulla Deza. Mobilización da entidade a nivel local Acordos coas propietarias e propietarios dos muíños	
Dificultades atopadas	Económicas Falta de orzamento para a restauración de muíños	
+ información	Web, blog	http://asnosasmusicas.org/
	Persoa e tít de contacto	axesteira@gmail.com

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semana enleira
era si é muíñada.

O muíño do teu pai
eu ben lle sei o tempo:
cando está alto, báisalo
cando está baixo, erguelo.

(Cantiga popular)



A Asociación Cultural Rego de Godoi naceu en 2011. Os seus fins principais son:

- A defensa da cultura tradicional.
- A preservación dos muíños de auga como parte do acervo cultural e patrimonial da Estrada.
- A colaboración coas diferentes administracións públicas para a protección, conservación e valoración social da cultura tradicional no medio rural e tamén para rehabilitación, modernización e promoción deste patrimonio con fins culturais.

A asociación presentou tamén un proxecto de recuperación dunha pequena ruta, limpando o antigo camiño, onde se atopan varios muíños, sendo o lugar onde se trataba o liño en tempos.

As actuacións realizadas foron a

1. Recuperación do antigo camiño mediante a limpeza e retirada de vexetación
2. Colocación de sinalización e paneis interpretativos

Colocouse un panel informativo mais algunhas balizas sinalizando o sendeiro. Os textos dos paneis foron escritos pola asociación salientando os valores da zona e dos muíños presentes na ruta.




CREACIÓN DUNHA REDE DE CUSTODIA FLUVIAL NAS BACÍAS DO ULLA UMIA E LÉREZ

Bacía	Ulla	
Nome da experiencia da bacía	Muíños e camiños na bacía do Ulla	
Subproxecto	Roteiro polo rego de Godoi	
Entidade promotora	Asociación cultural Rego de Godoi	Ámbito: local
Localización da finca	Comarca	Tabeirós Terra de Montes
	Concello	A Estrada
	Lugar	Godoi
Bacía	Ulla	
Nome do río	Godoi	
Características do acordo	Tipo de acordo*	Acordo verbal cos propietarios e propietarias dos muíños. Acordo con Augas de Galicia e Conservación da Natureza
	Tipo de propietario	público x privado x Muíños privados e Dominio Público Hidráulico
	Lonxitude do roteiro	500 m aprox
	Ano de sinatura	
	Duración do acordo	
Tipo de proxecto	Custodia Fluvial	
Valores a conservar	Antigo roteiro e muíños da zona	
Obxectivos	Recuperación dun roteiro e posta en valor dos muíños	
Breve descrición do proxecto e actividades	Limpeza e sinalización dun roteiro	
Logros acadados	Utilización dun roteiro en desuso Posta en valor dun roteiro e un río Mobilización da entidade a nivel local Acordos coas propietarias e propietarios dos muíños	
Dificultades atopadas	Económicas	
	Falta de orzamento para a restauración de muíños	
+ información	Web, blog... https://www.facebook.com/pagel/regodegodoi Asociación Cultural "Rego de Godoi" / 99285320099999	
	Persoa e tlf de contacto	regodegodoi@gmail.com

Eu non sei, eu non sei,
eu non sei que párou no muíño
eu non sei que debeu de parar...

Moendo moe que moe
moendo unha muíñada,
moendo moe que moe
unha mañán de vida...

(Cantiga popular)





A Asociación pola Defensa do Val do Liñares nace no 2006 co obxectivo de defender este entorno da implantación dun polígono industrial, por ser a súa localización inviable e incumprir a normativa vixente. Entre os fins que persegue a asociación destacan:

- Denunciar as agresións ambientais e as actuación públicas ou privadas que poidan supoñer un deterioro dos valores naturais, culturais e en xeral da calidade de vida do val do Liñares.
- Recuperación e aproveitamento do entorno natural, cultural e arquitectónico.
- A realización de obras e instalacións de interese xeral para o val de Liñares e a xestión e administración do funcionamento das mesmas, cando non lle corresponda por norma legal ou regulamentaria a outros organismos.
- Promoción de actividades dedicadas á conservación do medio ambiente
- Fomentar e mellorar as relacións entre as persoas da localidade.

A entidade presentou un proxecto de recuperación das marxes do río Liñares eliminando unha mancha de mimosa (*Acacia dealbata*) e rexenerando o lugar coa plantación de árbores de ribeira autóctonas.

O traballo previo centrouse en gran parte no contacto cos propietarios e propietarias das fincas onde se atopaba esta especie exótica invasora e, logo de largas conversas, os propietarios e propietarias détonlle o visto bo ao proxecto para eliminar estas plantas e recuperar o bosque de ribeira.



As actividades realizadas dentro desta iniciativa foron as seguintes:

1. Eliminación de *A. dealbata* e Plantación de especies autóctonas

Organizouse unha actividade de voluntariado ambiental coa participación de 30 persoas, que durante un día eliminaron plantas desta especie invasora e plantaron especies de ribeira: cerdeiras, bidueiros e freixos, todas elas árbores micorrizadas autóctonas e típicas do bosque de ribeira, favorecendo a recuperación desta zona.

2. Instalación de panel interpretativo

Instalouse un panel interpretativo onde se resume o traballo da asociación pola defensa do río e os traballos realizados na actuación de voluntariado.



CREACIÓN D'UNHA REDE DE CUSTODIA FLUVIAL NAS BACÍAS DO ULLA UMÍA E LÉREZ

Bacía	Ulla	
Nome da experiencia da bacía	Muiños e camiños na bacía do Ulla	
Subproxeito	Eliminación da mimosa no río Liñares	
Entidade promotora	Asociación para a defensa do val do Liñares	Ambito: local
Localización da finca	Comarca	Taboairós Terra de Montes
	Concello	A Estrada
	Lugar	Lagartóns
Bacía	Ulla	
Nome do río	Liñares	
Características do acordo	Tipo de acordo*	Acordo verbal cos propietarios e propietarias das fincas Acordo con Augas de Galicia
	Tipo de propietario	público x privado x Muiños privados e Dominio Público Hidráulico
	Lonxitude do roteiro	1000 m2
	Ano de sinatura	
	Duración do acordo	
Tipo de proxecto	Custodia Fluvial	
Valores a conservar	Bosque autóctono de ribeira	
Obxectivos	Eliminar árbores exóticas invasoras da especie <i>Acacia dealbata</i>	
Breve descrición do proxecto e actividades	Eliminación de árbores exóticas invasoras da especie <i>A. dealbata</i> na ribeira do río Liñares e nunha finca próxima. Plantación de especies autóctonas.	
Logros acadados	Divulgación sobre a problemática ambiental das especies invasoras. Acordo verbal cos propietarios do lugar. Promoción do voluntariado ambiental.	
Dificultades atopadas	Atopar aos propietarios e propietarias Económicas Continuidade das actuacións	
+ información	Web, blog...	
	Persoa e tlf de contacto	Chus: mgoldar@edu.xunta.es



Arredor da Auga

A asociación Cultural O Fervedoiro é un colectivo creado para reivindicar e traballar pola defensa da cultura e a lingua, do medio ambiente e das liberdades acadadas e por acadar. A asociación nace no ano 2006 e desde a súa constitución teñen apoiado diversas actuacións e reivindicacións doutros colectivos. O Fervedoiro é unha entidade moi activa que organiza xornadas e charlas de diferentes temáticas no concello de Cuntis. A asociación tenta poñer en valor os recursos humanos e naturais do concello, traballando pola defensa do río Gallo, denunciando vertidos, propoñendo a persoeiros ilustres da vila para o Día das Letras Galegas, facendo actos de reivindicación da memoria histórica e outras actividades.

Desde o ámbito do patrimonio presentaron o proxecto chamado Arredor da auga centrado no río Gallo. Trátase da posta en valor do patrimonio etnográfico fluvial do concello de Cuntis ao seu paso pola vila do Baño e no lugar de Meira.

O proxecto está ideado para o treito do río Gallo que discorre pola vila do Baño, desde a Praza de Galicia (ao carón dos lavadoiros termais), até as proximidades do lugar no que conflúe co Umiá (concretamente na ponte de Nieto, en Meira).



As actividades realizadas dentro desta iniciativa foron:

1. Recuperación dos pasos de Meira

Recuperáronse os antigos pasos que cruzaban o río Gallo á altura de Meira, empregados polos veciños e veciñas do lugar pero que desde facía anos estaban deitados no leito do río.

Con axuda de canteiros da zona levantáronse e agora é posible volver a cruzar o río Gallo neste lugar.

2. Restauración dos lavadoiros

Unha gran parte do proxecto céntrase na recuperación e posta en valor dos singulares lavadoiros fluviais dispostos ao longo do río Gallo, ao seu paso pola vila do Baño. Os numerosos lavadoiros eran empregados polas mulleres, tanto para uso privado coma para realizar o oficio de lavandeira. Haiños moi humildes, provistos dun só mazadoiro (lousa de pedra onde se refrega a barrela ou roupa sucia) e outros máis elaborados con recintos totalmente delimitados, portas e escaleiras para chegar ao nivel do río. Estes elementos son únicos en Galiza, tanto polo número deles como polas súas características.

Realizáronse labores de limpeza en varios destes lavadoiros e procedeuse á recuperación dun deles.

3. Sinalización do roteiro e instalacións dos paneis interpretativos






CREACIÓN DUNHA REDE DE CUSTODIA FLUVIAL NAS BACÍAS DO ULLA UMIA E LÉREZ

Bacía	Úrnia	
Nome da experiencia da bacía	Arredor da auga	
Entidade promotora	Asociación cultural O Fervedoiro	Ambito: local
Localización da finca	Comarca	Caldas
	Concello	Cuntis
	Lugar	Cuntis e Meira
Bacía	Úrnia	
Nome do río	Gallo	
Características do acordo	Tipo de acordo*	Acordo verbal cos propietarios e propietarias das fincas privadas con lavadoiros Acordo con Augas de Galicia e Conservación da Natureza
	Tipo de propietario	público x privado x Lavadoiros en fincas privadas e Dominio Público Hidráulico
	Lonxitude do roteiro	3500 m aprox
	Ano de sinatura	
	Duración do acordo	
Tipo de proxecto	Custodia Fluvial	
Valores a conservar	Lavadoiros fluviais, lavadoiros termais, pasos e ponte	
Obxectivos	Posta en valor do patrimonio etnográfico das beiras do Río Gallo ao seu paso pola vila do Baño (concello de Cuntis) até o lugar de Meira e a ponte de Nieto	
Breve descrición do proxecto e actividades	Limpeza e sinalización do roteiro Recuperación dos pasos de Meira Recuperación dos lavadoiros na vila de Cuntis	
Logros acadados	Levantamento duns pasos en desuso Restauración dos lavadoiros Participación social no proxecto Posta en valor do patrimonio etnográfico	
Dificultades atopadas	Falta de apoio	
+ información	Web, blog...	http://ofervedoiro.blogaliza.org/
	Persoa e tlf de contacto	ofervedoiro@hotmail.com



En la villa de los Baños de Cuenca, a diez y nueve días del mes de noviembre, año de mil ochocientos veinte y cuatro, ante mi asistencia de juez, y testigos constituidos personalmente de la una parte Don Pedro García Morán de Lizaso, Don Alonso Guzmán (...), por lo que les toca, y a la otra parte que hoy en esta villa y en su corte (...), algunas que hacen trabajo y de mucha traxa en Avila de Tera, maestros de cantería de esta provincia, el agua de la Fuente de la Burga, llamada del Pozo, según el plano que hizo para el mejor servicio de sus casas y labranza de aguas (...).


Documento de reconstrucción de Lavandería Terrena de Cuenca, 1824



O moco e máis á xirga
armáron de vella,
acháncron á furla no moito
e á farrá sen esckinar.

O curá e máis á cráda
ordénáron de cozer,
fáran á bota no moito
e á farrá sen moer.

(Baltaz contante na lista dos canteiros)





Pesca sostible na bacia do Lézec

As entidades participantes no proxecto foron


- A Sociedade de Caza e Pesca de Forcarei
- A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Presqueiras
- Asociación Cultural Pataqueiros de Millerada
- Asociación de Mozos/as de Forcarei

Tramo sen morte

O proxecto presentado por estas dúas entidades foi chamado Pesca sostible na bacia do Lézec e baséase na creación dun tramo de pesca sen morte na parte alta do río Lézec para sumarse aos poucos ríos do país protexidos por unha práctica de pesca sostible.

Para o establecemento dun tramo de pesca sen morte envióselle unha petición ao comité provincial de pesca e concertouse unha reunión coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Máis tarde o equipo técnico da Dirección Xeral desprazouse ata o río para facer unha visita do tramo coas entidades participantes no proxecto.

O 26 de decembro de 2012 publicouse a orde de vedas para o ano 2013. Grazas á vontade e axuda da Sociedade de Caza e Pesca de Forcarei e a Comunidade de Montes de Presqueiras hai un novo treito de pesca sen morte no río Lézec, cunha lonxitude de 4,9 km, o maior da provincia de Pontevedra.



CREACIÓN DUNHA REDE DE CUSTODIA FLUVIAL NAS BACÍAS DO ULLA UMIA E LÉZEC

Bacia	Lézec	
Nome da experiencia da bacia	Pesca sostible na bacia do Lézec	
Subproxecto	Tramo de pesca sen morte no río Lézec	
Entidade promotora	Sociedade de Caza e Pesca de Forcarei	Ámbito: local
Localización da finca	Comarca	Tabeirós Terra de Montes
	Concello	Forcarei
	Lugar	Aciveiro e Dúas Igrexas
Bacia	Lézec	
Nome do río	Lézec	
Características do acordo	Tipo de acordo*	Acordo con Augas de Galicia e Conservación da Natureza
	Tipo de propietario	público x
	Lonxitude do treito	4900 m aprox.
	Ano de sinatura	
	Duración do acordo	Indefinido
Tipo de proxecto	Custodia Fluvial	
Valores a conservar	Comunidades piscícolas do río Lézec	
Obxectivos	Establecemento dun tramo de pesca sen morte no río Lézec	
Breve descrición do proxecto e actividades	Reunións e solicitude á conservación da natureza en Pontevedra. Asistencia ao comité provincial de pesca. Sinalización do treito sen morte	
Logros acadados	Tramo de pesca sen morte máis grande de Pontevedra A longo prazo recuperación das poboacións piscícolas na zona. Apoio da comunidade	
Dificultades atopadas	Lentitude do proceso administrativo	
+ información	Web, blog...	
	Persoa e tlf de contacto	lgonzalez@forcarei.net

Recuperación de levadas

Por outra banda, o proxecto ten como obxectivo a recuperación de levadas de muíños, que servirán (alén de para a recuperación do patrimonio etnográfico da zona) como lugares de descanso e alevinaxe para especies de peixes da zona, o que axudará á recuperación das poboacións. Estas levadas atópanse no río Castro.

1. Neste río, a primeira das accións previstas foi a recuperación de dúas canles de antigos muíños (hoxe en desuso) para a mellora das comunidades piscícolas da zona ea recuperación do patrimonio etnográfico dese lugar (marxe dereita e esquerda), ao longo duns 250 m aproximadamente.

2. Outra actuación neste río foi a limpeza e posta en valor dunha antiga canle de regadío que se sitúa tamén no río Castro e que ten unha lonxitude aproximada de dous quilómetros. Este rego posúe unha estrutura de pedra de importante valor etnográfico con muros de varios metros de altura que se estende ao longo do cañón do río Castro.



CREACIÓN DUNHA REDE DE CUSTODIA FLUVIAL NAS BACÍAS DO ULLA UMIA E LÉREZ


Bacía	Lérez	
Nome da experiencia da bacía	Pesca sostible na bacía do Lérez	
Subproyecto	Recuperación de levadas no río Castro	
Entidade promotora	CMVMC de Presqueiras	Ámbito: local
Localización da finca	Comarca	Tabeirós Terra de Montes
	Concello	Forcarei
	Lugar	Morgade
Bacía	Lérez	
Nome do río	Castro	
Características do acordo	Tipo de acordo*	Acordo con Augas de Galicia e Conservación da Natureza
	Tipo de propietario	público x
	Lonxitude do treito	2.200 m aprox
	Ano de sinatura	
	Duración do acordo	
Tipo de proxecto	Custodia Fluvial	
Valores a conservar	Antigas presas dos muíños no río Castro	
Obxectivos	Recuperación das antigas levadas dous muíños do río Castro. E dunha levada de rego no mesmo río.	
Breve descrición do proxecto e actividades	Traballos de canteiría para recuperación das antigas canles dos muíños do río Castro Limpeza das levadas e da zona dos muíños. Sinalización das actuacións	
Logros acadados	Recuperación e posta en valor de elementos etnográficos abandonados Apoio da comunidade	
Dificultades atopadas	Lentitude do proceso administrativo	
+ información	Web, blog_	
	Persoa e tlf de contacto	

No muíño onde eu maio,
[tamén moe unha reioira;
[tralle á gran, queridíña,
[tralle a gran que non roía.

Non podo cantar
que estou rouca;
que fun durmis á muíño
está noite e máis a outra.

Ó muíño da ferveza,
eu non vou por parecer;
que fá por facer-la bola
e máis por parrández.

(Canção popular)



Conclusións

Ao executar estas iniciativas observouse unha influencia notable nas comarcas nas que se desenvolveron desde o punto de vista patrimonial, que abrangue tanto patrimonio ambiental como cultural, e tamén influencias socio-económicas que sen dúbida axudarán ao desenvolvemento destas zonas rurais.

Entendemos que debido ao puntual das actuacións e á súa localización moi concreta estas non tiveron un impacto paisaxístico negativo. Ben ao contrario, moitas veces as actuacións axudaron a mellorar a paisaxe ao recuperarse elementos patrimoniais etnográficos ou eliminar especies invasoras.

Coa intención de evitar calquera impacto negativo, antes da execución de cada proxecto entregouse e explicouse mediante presentacións in situ un protocolo de actuación que tivo en conta tanto criterios paisaxísticos coma de identificación da flora e fauna para a súa conservación.

Entendemos que, nun contexto de crise, de escasa mobilización social e tamén de abandono do rural, un conxunto de iniciativas como as que aquí se realizaron non puideron deixar de ter unha influencia positiva nas comarcas e nos lugares nos que se executaron, avaliando este beneficio tanto desde un punto de vista ambiental e social coma económico.

Dende o punto de vista ecosistémico algunhas das actuacións axudaron a mellora das poboacións de fauna e flora no seu conxunto, como pode ser a creación do treito de pesca sen morte. Esta actuación terá como resultado unha recuperación e mellora do estado das comunidades piscícolas, que se reflectirá na mellora de todo o ecosistema fluvial. Outras actuacións puntuais como a eliminación de flora exótica invasora no río Liñares poden parecer pequenas a primeira vista, pero á vez que se eliminan especies exóticas estase evitando un problema futuro coma a expansión destas especies e a perda da biodiversidade fluvial (que lle afectarían tamén a todo o ecosistema). Ademais, outras actuacións directas como a eliminación de vertedoiros terán un efecto de mellora paisaxístico pero tamén nos ecosistemas fluviais ao retirar elementos contaminantes e non biodegradables.

No caso do patrimonio etnográfico é importante destacar a posta en valor de diferentes estruturas coma os pasos de Meira, os lavadoiros fluviais de Cuntis, as levadas de Forcarei ou os muíños dos afluentes do Ulla, o que favorecerá a divulgación de valores culturais entre os seus veciños e veciñas e os visitantes da zona. A recuperación destes elementos hoxe en día abandonados e desvalorizados axudará á conservación do patrimonio etnográfico e ao seu recoñecemento por parte da sociedade e administración.

O impacto social positivo é evidente. O simple feito de que diferentes entidades destas comarcas se sumen a unha tarefa de conservación do seu patrimonio natural e cultural xa é un feito positivo de por si. Todas as iniciativas, e isto é básico no concepto de custodia do territorio, parten de ideas e propostas das asociacións da zona de diferente natureza (asociacións de veciños, culturais ou ecoloxistas, sociedades de pesca, comunidades de montes), que son as que mellor coñecen o terreo e as necesidades de cada lugar. A participación activa da sociedade a través destas entidades fai que os proxectos se perciban como propios e isto leve aos veciños e veciñas a valoralos e a preservalos no tempo. Deste xeito conséguese unha mellor difusión cando estes sexan visitados.



O impacto positivo tamén será económico, entendemos que por dúas vías. Por unha banda, o desenvolvemento dos traballos, tanto as tarefas de voluntariado como as realizadas por profesionais, levou a un consumo de produtos da zona. Do mesmo xeito, a contratación de profesionais para a realizacións de tarefas foi unha fonte de emprego local.

Pola outra banda, indirectamente os visitantes que veñan a realizar as rutas, practicar a pesca sen morte ou coñecer os lavadoiros, pasos, muíños e demais visitarán outros lugares e negocios destes concellos, aumentando os ingresos destes e funcionando ademais como vectores de divulgación para que outras persoas visiten estes elementos.



Os beneficios e impactos positivos foron e serán moitos e de diferente natureza, axudando ao desenvolvemento rural e á conservación e posta en valor do patrimonio cultural e ambiental destas comarcas.

A custodia do territorio como filosofía da conservación está a ser unha ferramenta empregada por moitos e moitas e da que se están a obter resultados moi positivos. Cremos por tanto que as comarcas de Calkas e de Tabeirós-Terra de Montes saberán utilizala para o seu beneficio e o dos seus habitantes e visitantes



Queridíña, dáenche os ollos,
tamén che me doen os meus,
vámolos lavar ao río,
onde a froita lava os seus.
(Canção popular)






Desde ADEGA queremos mostrarlle o noso agradecemento a todas e cada unha das persoas das asociacións participantes no proxecto, subliñando unha vez máis que sen elas todo o traballo realizado non sería posible. A súa vontade de facer cousas por e para o pobo e de querer poñer en valor os recursos da terra e da auga é o que nos fai seguir adiante e crer en proxectos coma este.

ADEGA quiere agradecerlle tamén aos concellos da Estrada, Cuntis e Forcarei e apoio prestado para a realización das actividades desta iniciativa.

Moitas grazas tamén ao persoal de Augas de Galicia e ao Servizo de Conservación da Natureza da provincia de Pontevedra da Xunta de Galicia.

Agradecer tamén a colaboración do Museo do Pobo Galego, e María Caamaño Roig por facilitar fotografías antigas e deseños.



"A auga é a condición de toda vida sobre o planeta (...), o dereito á auga e ao saneamento é un dereito humano fundamental e inalienable; insistimos na necesidade de garantir a solidariedade entre xeracións presentes e futuras. Resistimos toda clase de privatización da auga e declaramos que a sección e control da auga han ser públicos, cooperativos, participativos, equitativos e non orientados cara ao lucro."

(Foro Alternativo Mundial da Auga, París - France, 2012)





Iniciativa



ADEGA (ano 2003)
Travesa de Basquiños 9, baixo
15704 Santiago de Compostela
A Coruña
www.adeqa.info
981 57 00 99
adeqa@adeqa.info

Financia e promove



Fotografía:

Ramsés Pérez, Asociación Cultural O Ferreiroiro, NaturGalicia

Fotografías antigas:

Begoña Bas e Legado Xaquín Lorenzo (Museo do Pobo Galego)

Arquivo da Casa da cultura Roberto Blanco Torres (Cunta)

Deseños orixinais dos Muíños:

María Caamaño Roig

Textos:

Lúcia Parente e Ramsés Pérez

Revisión Lingüística:

Manuel Reices

Deseños:

Xavier Ares